

2022
2023



FORMACIÓN
PROFESIONAL



**o futuro
nas túas mans**

Familia profesional

**Instalación e
mantemento**



XUNTA
DE GALICIA



CS Mecatrónica industrial

	Ciclo formativo de grao superior	Título LOE
	Perfil profesional	Duración
		2.000 horas

Que se aprende a facer? Configurar e optimizar sistemas mecatrónicos industriais, así como planificar, supervisar e/ou executar a súa montaxe e o seu mantemento, seguindo os protocolos de calidade, de seguridade e de prevención de riscos laborais, e de respecto ambiental.

En que ámbitos se traballa? En empresas, maioritariamente privadas, dedicadas ao desenvolvemento de proxectos, a xestión e a supervisión da montaxe, e o mantemento de sistemas mecatrónicos ou instalacións de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas, por conta propia ou allea.

Que ocupacións se desempeñan? Técnico/a en planificación e programación de procesos de mantemento de instalacións de maquinaria e equipamento industrial; xefe/a de equipo de montadores/as de instalacións de maquinaria e equipamento industrial; xefe/a de equipo de mantedores/as de instalacións de maquinaria e equipamento industrial.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0938	Elementos de máquinas	107
1º	MP0946	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0939	Procesos de fabricación	213
1º	MP0940	Representación gráfica de sistemas mecatrónicos	133
1º	MP0937	Sistemas eléctricos e electrónicos	213
1º	MP0935	Sistemas mecánicos	187
2º	MP0941	Configuración de sistemas mecatrónicos	140
2º	MP0947	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0948	Formación en centros de traballo	384
2º	MP0943	Integración de sistemas	157
2º	MP0942	Procesos e xestión de mantemento e calidade	105
2º	MP0945	Proxecto de mecatrónica industrial	26
2º	MP0944	Simulación de sistemas mecatrónicos	70
2º	MP0936	Sistemas hidráulicos e pneumáticos	105

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén? Técnico superior en Mecatrónica industrial.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables	
MP0939	Procesos de fabricación.	UC1282_3	Planificar e supervisar a instalación en planta de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas.
MP0941	Configuración de sistemas mecatrónicos.		
MP0942	Procesos e xestión de mantemento e calidade.	UC1283_3	Planificar o mantemento de instalacións de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas.
MP0935	Sistemas mecánicos.	UC1284_3	Supervisar e realizar o mantemento de instalacións de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas.
MP0936	Sistemas hidráulicos e pneumáticos.		
MP0937	Sistemas eléctricos e electrónicos.		
MP0943	Integración de sistemas.	UC1285_3	Controlar as probas e realizar a posta en marcha de instalacións de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC1282_3	Planificar e supervisar a instalación en planta de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas.	MP0939	Procesos de fabricación.
		MP0941	Configuración de sistemas mecatrónicos.
UC1283_3	Planificar o mantemento de instalacións de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas.	MP0942	Procesos e xestión de mantemento e calidade.
UC0106_3	Automatizar os produtos de fabricación mecánica.	MP0935	Sistemas mecánicos.
UC1284_3	Supervisar e realizar o mantemento de instalacións de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas.	MP0936	Sistemas hidráulicos e pneumáticos.
		MP0937	Sistemas eléctricos e electrónicos.
UC1282_3	Planificar e supervisar a instalación en planta de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas.	MP0943	Integración de sistemas.
UC1285_3	Controlar as probas e realizar a posta en marcha de instalacións de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas.		

Nota. O módulo profesional MP0938: elementos de máquinas validarase cando se teñan acreditadas todas as unidades de competencia que se inclúen no título.



Onde informarse

Portal Educativo de Formación Profesional:
www.edu.xunta.gal/fp

Síguenos en:



facebook.com/fpgalicia



twitter.com/fpgalicia



instagram.com/fpgalicia

#FPGalicia
#FPDualGalicia
@fpgalicia

Departamentos de orientación dos centros educativos

**Consellería de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades**

Dirección Xeral de Formación Profesional

Edificio administrativo de San Caetano

Santiago de Compostela

sxfp@edu.xunta.gal

